

ACTA NÚMERO: 34/2025

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 4 DE SETEMBRO DE 2025.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 4 de setembro de 2025 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Manuel Carramal Silva, Xefe da Sección de Informes da Secretaría
- Dona María Belén Pampín Camino, Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión correspondente ao día 7 de agosto de 2025 (Reunión 30/2025).*
2. *Proposta de adjudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de escavación arqueolóxica e lectura de paramentos do convento de Santa Clara en Pontevedra. (Expte.- 2025004942).*
3. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de implantación e posta en marcha dunha plataforma de visitas virtuais para o Castelo de Soutomaior e da ruta das camelias nos xardíns do castelo, e mantemento da mesma. (Expte.- 2025000740).*
4. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de implantación e posta en marcha dunha plataforma de visitas virtuais para o Castelo de Soutomaior e da ruta das camelias nos xardíns do castelo, e mantemento da mesma. (Expte.- 2025000740).*
5. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da subministración dunha plataforma de contidos audiovisuais por internet (OTT) para a Deputación. (Expte.- 2025038822).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da subministración dunha plataforma de contidos audiovisuais por internet (OTT) para a Deputación. (Expte.- 2025038822).*
7. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de gasóleo B e C para a maquinaria e os centros da Deputación. (Expte.- 2025013630).*
8. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de gasóleo "B" e "C" para a maquinaria e os centros da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025013630).*

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.



1. Aprobación da acta da reunión correspondente ao día 7 de agosto de 2025 (Reunión 30/2025).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión correspondente ao día, 7 de agosto de 2025 (Reunión 30/2025).

2. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de escavación arqueolóxica e lectura de paramentos do convento de Santa Clara en Pontevedra. (Expte.- 2025004942).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por Acordo da Xunta de Goberno nº 4.35447, de data 18 de xullo de 2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “servizo de escavación arqueolóxica e lectura de paramentos do convento de Santa Clara en Pontevedra”.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao Diario Oficial da Unión Europea, con data 22 de xullo de 2025, sendo publicado no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 23 de xullo de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 28 de agosto de 2025, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes á documentación administrativa, resultando admitidas as seguintes empresas:

- CITANIA-ARQUEOLOXIA, S.L. (NIF: B36571057)

A continuación, a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobre B, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, sendo os valores ofertados os seguintes:

1.-Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	257.000,00 €
IVE (21 %):	53.970,00 €
Importe total ofertado:	310.970,00 €

2.- Experiencia profesional do arqueólogo/a de coordinación/dirección na redacción de proxectos relativos a sondaxes arqueolóxicas:

Nº de proxectos redactados polo arqueólogo/a de coordinación/dirección relativos a sondaxes arqueolóxicas (sinalar cunha X o que corresponda)	
5 proxectos firmados	X

3.- Experiencia profesional do director/a da intervención arqueolóxica en asistencia técnica similares ó obxecto da contratación:



Nº de asistencia técnicas similares ó obxecto da contratación do director/a da intervención arqueolóxica (sinalar cunha X o que corresponda)	
Experiencia en 5 asistencia similares	X

4.- Experiencia profesional arqueólogo/a de coordinación/dirección na redacción de traballos de estudos de paramentos:

Nº de traballos de estudos de paramentos redactados polo arqueólogo/a de coordinación/dirección (sinalar cunha X o que corresponda)	
Experiencia en 5 asistencia similares	X

Feitas as valoracións, de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, a puntuación obtida no sobre “B” polas empresas que participan no procedemento é a seguinte:

SOBRE B: CRITERIOS DE VALORACIÓN AUTOMÁTICA	PUNTUACIÓN MÁXIMA	CITANIA-ARQUEOLOXIA, S.L. (NIF: B36571057)
Menor prezo ofertado, sen IVE	49,000 puntos	47,678 puntos
Experiencia profesional do arqueólogo/a de coordinación/dirección na redacción de proxectos relativos a sondaxes arqueolóxicas	20,000 puntos	0,000 puntos*
Experiencia profesional do director/a da intervención arqueolóxica en asistencia técnicas similares ó obxecto da contratación	20,000 puntos	0,000 puntos*
Experiencia profesional do arqueólogo/a de coordinación/dirección na redacción de traballos de estudos de paramentos	11,000 puntos	0,000 puntos*
PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE B	100,000 puntos	47,678 puntos

* Non resulta acreditado o cumprimento dos criterios de experiencia ofertados por non achegar, xunto co Anexo I, a documentación acreditativa requirida na cláusula particular 9.1 do prego administrativo.

De conformidade coa citada cláusula, “(...) a documentación acreditativa incluírá tanto os traballos ofertados a maiores como os mínimos requiridos ao equipo humano, adscrito á execución do contrato, no compromiso de medios para a acreditación da experiencia.

Os traballos que non se acrediten mediante a achega da referida documentación ou que non cumpran os requisitos esixidos non se valorarán (puntuarase con 0 puntos o criterio correspondente)”.

A vista de todo o exposto, a Mesa de contratación na súa reunión do día 4 de setembro de 2025 acorda:

1.-Aprobar a clasificación das ofertas presentadas e admitidas no procedemento aberto convocado para contratación do “servizo de escavación arqueolóxica e lectura de paramentos do convento de Santa Clara en Pontevedra”, sendo esta a seguinte:



Clasificación	Empresa	Puntuación Sobre B (Máx. 100 puntos)	Puntuación total
1ª	CITANIA-ARQUEOLOXIA, S.L. (NIF: B36571057)	47,678 puntos	47,678 puntos

2.- Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requerimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do referido procedemento aberto, á empresa CITANIA-ARQUEOLOXIA, S.L. (NIF: B36571057) polos seguintes prezos e valores ofertados:

1.- Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	257.000,00 €
IVE (21 %):	53.970,00 €
Importe total ofertado:	310.970,00 €

2.- Experiencia profesional do arqueólogo/a de coordinación/dirección na redacción de proxectos relativos a sondaxes arqueolóxicas:

Nº de proxectos redactados polo arqueólogo/a de coordinación/dirección relativos a sondaxes arqueolóxicas (sinalar cunha X o que corresponda)	
5 proxectos firmados	X*

3.- Experiencia profesional do director/a da intervención arqueolóxica en asistencia técnica similares ó obxecto da contratación:

Nº de asistencia técnica similares ó obxecto da contratación do director/a da intervención arqueolóxica (sinalar cunha X o que corresponda)	
Experiencia en 5 asistencia similares	X*

4.- Experiencia profesional arqueólogo/a de coordinación/dirección na redacción de traballos de estudos de paramentos:

Nº de traballos de estudos de paramentos redactados polo arqueólogo/a de coordinación/dirección (sinalar cunha X o que corresponda)	
Experiencia en 5 asistencia similares	X*

* Non resulta acreditado o cumprimento dos criterios de experiencia ofertados por non achegar, xunto co Anexo I, a documentación acreditativa requirida na cláusula particular 9.1 do prego administrativo.

3. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de implantación e posta en marcha dunha plataforma de visitas virtuais para o Castelo de Soutomaior e da ruta das camelias nos xardíns do castelo, e mantemento da mesma. (Expte.- 2025000740).



O Secretario da Mesa de Contratación informa que, na sesión de data 17/07/2025, procedeuse á descryptación e descarga da documentación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa e ofertas avaliáveis mediante xuízos de valor, presentadas polas empresas ó procedemento referenciado.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acordou admitir ás seguintes empresas:

- THE MAD PIXEL FACTORY, S.L. (B82521519)
- VISITAS VIRTUALES, S.L. (B06764401)

A continuación, acordouse trasladar a documentación técnica ó servizo de Turismo Rías Baixas. Con data 29/08/2025, a Xefa servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra emitíu o correspondente informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores (CSV: NH22JCHXAB7OOMXZ).

A Mesa de Contratación, en base a dito informe, acorda:

- 1) Prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas na valoración da documentación técnica dos Sobres “A”.
 - 2) Proceder á apertura dos Sobres “B”, relativos ás ofertas avaliáveis mediante criterios automáticos, dos licitadores cuxas ofertas técnicas obtiveron o mínimo do 50% da puntuación máxima.
- 4. *Apertura electrónica dos sobres “B”, correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de implantación e posta en marcha dunha plataforma de visitas virtuais para o Castelo de Soutomaior e da ruta das camelias nos xardíns do castelo, e mantemento da mesma. (Expte.- 2025000740).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, unha vez aprobada a valoración da documentación contida nos Sobres “A”, procedeuse á apertura dos Sobres “B”, correspondentes coas ofertas avaliáveis mediante fórmulas, das empresas admitidas que non resultaron excluídas e que acadaron unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima permitida no Sobre A.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia da Plataforma de Contratación do Sector Público, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.



Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondentes coas ofertas avaliadas mediante criterios automáticos, presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Os valores ofertados foron os seguintes:

THE MAD PIXEL FACTORY, S.L. (B82521519)

- Prezo ofertado:

	IMPLANTACIÓN	SOPORTE E MANTEMENTO
Importe sen IVE	37.000,00 €	13.800,00 €
IVE (21%)	7.770,00 €	2.898,00 €
Importe total con IVE	44.770,00 €	16.698,00 €

- Redución do tempo máximo de resposta a incidencias, respecto do tempo máximo previsto de 48 horas: ofértase unha redución de 12 horas.
- Implantación de idiomas adicionais ós solicitados nos pregos: Portugués.

Procédese de seguido a efectuar a ponderación dos valores ofertados correspondentes aos criterios de valoración automática, sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

	<u>THE MAD PIXEL FACTORY, S.L. (B82521519)</u>
Menor prezo ofertado sen IVE (Máx. 49 puntos)	21,956 puntos
Redución do tempo máximo de resposta a incidencias (Máx. 6 puntos)	6,000 puntos
Implantación de idiomas adicionais ós solicitados nos pregos (Máx. 5 puntos)	1,250 puntos
TOTAL SOBRE B	29,206 puntos

En base ao exposto a Mesa de contratación acorda:

- 1) Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas ao procedemento aberto simplificado convocado para contratación do “*Servizo de implantación e posta en marcha*”



dunha plataforma de visitas virtuais para o Castelo de Soutomaior e da ruta das camelias nos xardíns do castelo, e mantemento da mesma financiado PRTR”, que queda da seguinte forma:

Posición	Licitador	Sobre A	Sobre B	Puntuación
1ª	THE MAD PIXEL FACTORY, S.L. (B82521519)	40,000 puntos	29,206 puntos	69,206 puntos

- 2) Propor ao órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do *“Servizo de implantación e posta en marcha dunha plataforma de visitas virtuais para o Castelo de Soutomaior e da ruta das camelias nos xardíns do castelo, e mantemento da mesma financiado PRTR”*, ó licitador THE MAD PIXEL FACTORY, S.L. (B82521519), que acada a mellor puntuación, dacordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento, polos prezos e valores ofertados.

A Mesa de Contratación comproba que THE MAD PIXEL FACTORY, S.L. (B82521519) atópase inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación e demais circunstancias inscritas, así como a non concorrencia das prohibicións de contratar. A maiores, compróbase a traves do sistema de intermediación de datos que o licitador atópase ó corrente de pagos coa AEAT e coa Seguridade Social, e de alta no IAE.

- 3) Facultar ao Secretario da Mesa de Contratación para que requira a THE MAD PIXEL FACTORY, S.L. (B82521519), mediante comunicación electrónica, para que no prazo de 7 días hábiles contando dende o seu envío, aporte a documentación establecida nos pregos para a adxudicación do contrato.
- 4) Que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retira a súa oferta, e procederase nese caso a esixirle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.
- 5. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “A” do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da subministración dunha plataforma de contidos audiovisuais por internet (OTT) para a Deputación. (Expte.- 2025038822).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial 2025006465 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante



procedemento aberto simplificado, da “Subministración dunha plataforma de contidos audiovisuais por internet (Over the top OTT) para a Deputación de Pontevedra”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 01/08/2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión celebrada o día 21/08/2025, procede á apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentados polas empresas que participan neste procedemento.

Unha vez examinada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir ós seguintes licitadores:

- Tecnologías Plexus SL (CIF B 15726177)
- Teledifusión Servicios Audiovisuales Internet SL (CIF B-87893244)
-

Na mesma sesión, a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación técnica aos técnicos do servizo de Novas tecnoloxías para que avalíe e pondere a proposta, seguindo os criterios de adxudicación establecidos nos pregos reguladores deste procedemento.

Con data 27/08/2025, o técnico medio de administración xeral emite informe co (csv HODQYSQIQHRR3C3O) sendo as puntuación obtidas no sobre A as seguintes:

CRITERIOS	MÁXIMO	PLEXUS
XESTIÓN DE INCIDENCIAS	5,00	5,00
PLAN DE CALIDADE	5,00	5,00
SEGUIMIENTO E INFORMES	5,00	5,00
USO INNOVADOR DA IA	20,00	18,00
TOTAL	35,00	33,00

A Mesa de Contratación, á vista do exposto no informe emitido polo técnico medio de administración xeral remite informe (csv HODQYSQIQHRR3C3O) no que acorda:

1. Prestar conformidade ás puntuacións acadadas pola empresa Tecnologías Plexus S.L., que acada un mínimo do 50% da puntuación máxima asinada en función dos criterios avaliáveis mediante xuízos de valor.
2. Propor ó organo de contratación, a exclusión do procedemento do licitador Teledifusión Servicios Audiovisuales Internet S.L. (CIF B-87893244), de acordo co informe técnico co csv HODQYSQIQHRR3C3O, por presentar as seguintes deficiencias “Ausencia da táboa de acreditación de requisitos funcionais e técnicos”:



Non se inclúe a táboa obrigatoria onde debe identificarse o cumprimento de cada requisito (REQ-#) coas referencias de páxina e parágrafo correspondentes. Este incumprimento impediu verificar de forma unívoca a cobertura dos requisitos do PPT.

- *Non cumprimento da estrutura obrigatoria indicada no PCA: A documentación presentada organiza os contidos en apartados propios (Arquitectura, seguridade, IA, métricas, cronograma, etc.), pero non respecta a secuencia establecida no PCA. Esta circunstancia impide unha correcta análise e comparación con outras ofertas.*
- *Inexistencia de varios apartados valorables mediante xuízo de valor.*

Non se inclúen todos os puntos que deben ser obxecto de valoración (p. ex., plan de calidade, seguimento e informes ou plan de traballo).

Supón unha falta de integridade da documentación presentada Estas deficiencias polo tanto vulneran as condicións establecidas no prego de cláusulas administrativas na súa páxina 19, motivo polo cal esta empresa queda excluída da valoración. “

6. Apertura electrónica dos sobres “B”, correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da subministración dunha plataforma de contidos audiovisuais por internet (OTT) para a Deputación. (Expte.- 2025038822).

O Secretario informa ós asistentes das puntuacións do sobre A “xuízos de valor” acadadas no procedemento aberto simplificado para a contratación da “Subministración dunha plataforma de contidos audiovisuais por internet (Over the top OTT) para a Deputación de Pontevedra”, segundo o informe emitido polo técnico medio do servizo de Novas tecnoloxías.(csv: HODQYSQIQHRR3C3O) e que é a seguinte:

CRITERIOS	MÁXIMO	PLEXUS
XESTIÓN DE INCIDENCIAS	5,00	5,00
PLAN DE CALIDADE	5,00	5,00
SEGUIMENTO E INFORMES	5,00	5,00
USO INNOVADOR DA IA	20,00	18,00
TOTAL	35,00	33,00

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de contratación do sector público que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á desciframento e descarga da documentación presentada nos sobres “B” correspondentes aos criterios de valoración automática presentados polas empresas



que participan no procedemento aberto simplificado que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor. Os valores ofertados no sobre B foron os seguintes:

TECNOLOGIAS PLEXUS S.L. (B-1576177)

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	49.365,10 €
IVE (21%):	10.366,67 €
Importe total ofertado:	59.731,77 €

2. Xornadas adicionais de formación:

CRITERIO VALORABLE	PROPOSICIÓN (a cubrir pola empresa)
Xornadas adicionais de formación	5 xornadas adicionais de formación

3. Ampliación de Acordos de Nivel de Servizo (ANS):

NIVEL DE CRITICIDADE	TEMPO DE RESOLUCIÓN OFERTADO (a cubrir pola empresa)
Crítica	2 horas
Alta	2 horas
Media	2 horas

As puntuacións obtidas na valoración dos criterios do sobre “B” son as seguintes:

CRITERIOS DE VALORACIÓN	TECNOLOGIAS PLEXUS S.L. (B-15726177)
1. Menor prezo ofertado	3,04 puntos
2. Xornadas adicionais	10 puntos
3. Ampliación ANS	7 puntos
TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE B (max 65)	20,04 puntos

As puntuacións totais dos sobres A+B, son as seguintes:

PUNTUACIÓN	TECNOLOGIAS PLEXUS S.L.
SOBRE A (MAX 35)	33,00
SOBRE B (MAX 65)	20,04
TOTAL	53,04 puntos



A Mesa acorda:

1. Propor ao órgano de contratación, a exclusión da empresa Teledifusión Servicios Audiovisuales Internet S.L. (CIF B-87893244), de acordo co informe do técnico do servizo de Novas Tecnoloxías co csv HODQYSQIQHRR3C3O, por presentar deficiencias que vulneran as condicións establecidas no prego de cláusulas administrativas polo cal esta empresa quedou excluída da valoración.
2. Aprobar a clasificación da oferta presentada pola empresa Tecnologías Plexus S.L. ao procedemento aberto simplificado convocado, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADOR	SOBRE "A"	SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	Tecnologías Plexus S.L.	33,00	53,04	86,04

3. Propor ó órgano de contratación, neste caso o Deputado delegado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da "Subministración dunha plataforma de contidos audiovisuais por internet (Over the top OTT) para a Deputación de Pontevedra " á empresa Tecnologías Plexus S.L., que acada a puntuación de 86,04, dacordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego

A Mesa de Contratación comproba que a empresa figura inscrita no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado, estando debidamente constituída e non está incurso en ningunha prohibición de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, Tecnologías Plexus S.L. mediante comunicación electrónica para que no prazo de 7 días hábiles, contados dende o seguinte ó do seu envío, aporte a documentación establecida nos pregos, entre a que se atopa a constitución dunha garantía definitiva por importe de: 2.468,25€
5. Que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retira a súa oferta, e procederase nese caso a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

7. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de gasóleo B e C para a maquinaria e os centros da Deputación. (Expte.- 2025013630).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por acordo da Xunta de Goberno nº 12.35500, de data 31 de xullo de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da subministración de gasóleo B e C para a maquinaria e centros da Deputación de Pontevedra.



O anuncio de licitación enviouse ao DOUE en data 31/07/2025 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 01/08/2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia da Plataforma de Contratación do Sector Público, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir ás seguintes empresas:

- Los Angeles Gas SLU (CIF B-15.578.289) .- Lotes 1 e 2
- Gasoleos Amigo SL (CIF B-36.736.049).- Lotes 1 e 2
- Carbuiberia Energias SLU (CIF B-36.851.616).- Lotes 1 e 2
- Esergui Disteser SL (CIF B-95.799.664) .- Lotes 1 e 2

8. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de gasóleo "B" e "C" para a maquinaria e os centros da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025013630).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por acordo da Xunta de Goberno nº 12.35500, de data 31 de xullo de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da subministración de gasóleo B e C para a maquinaria e centros da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación enviouse ao DOUE en data 31/07/2025 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con



data 01/08/2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia da Plataforma de Contratación do Sector Público, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondentes áos criterios avaliábles automaticamente , presentada polas empresas admitidas ao devandito procedemento sendo os valores ofertados os seguintes:

Lote 1

Empresas	Porcentaxe de desconto por litro de gasóleo
Los Angeles Gas SLU	1,00 %
Gasoleos Amigo SL	2,95 %
Carbuiberia Energias SLU	8,01 %
Esergui Disteser SL	12,50 %

Lote 2

Empresas	Porcentaxe de desconto por litro de gasóleo
Los Angeles Gas SLU	1,00 %
Gasoleos Amigo SL	5,95 %
Carbuiberia Energias SLU	6,11 %
Esergui Disteser SL	5,95 %

A Mesa de Contratación acorda facultar ao secretario da Mesa de contratación para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e dezasete minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

